

Estimadas familias espero que todo siga ben.

Para esta nova semana que comezamos, si vemos que o traballo establecido xa está ao día recomendamos as seguintes actividades, en caso contrario rematamos primeiro o establecido con anterioridade e logo traballamos o seguinte:

Lemos todos os días tanto en galego como en castelán. En voz alta, e a ser posible, comprobamos con preguntas concretas a súa comprensión.

Inventamos e escribimos frases tendo moi presente separar as palabras. (Podemos darlle consignas tipo: escribir unha frase co nome dun animal doméstico, dunha persoa, dun lugar..., escribir unha frase con dous adxectivos, unha en singular e logo pasala a plural, etc.).

Buscar sinónimos e antónimos.

Palabras con mp e mb.

Escribimos palabras con c, z, que, qui, g, gue, gui, gü, h, pl, br, cr, cl, gl, gr, fr, fl, tr, tl...

En matemáticas podemos facer exercicios de contar de dous en dous, de tres en tres, de cinco en cinco, de dez en dez para diante e para atrás. Restas e sumas en horizontal e vertical (tendo moi en conta empezar pola dereita e colocar unidades debaixo de unidades).

Escribir parellas de números ata cen e comparámoslos cos signos $<$ $>$. Ex. $57 < 69$.

Pequenos problemas de sumar e restas para que razoen.

Repasamos o reloxo poñendo a hora en punto, e media, e cuarto e menos cuarto.

E para os máis traballadores podemos facer un pequeno diario coa data e as cousas máis importantes que fixemos ese día. Non precisa ser moi longo, pero intentar contar coas súas palabras o que pasou antes, despois ...

Un saúdo e espero que poidamos vernos axiña.